-Entre 100 e 500 beneficiarios: 6 puntos

-Menos de 100 beneficiarios.: 4puntos

-Creación de un ou mais postos de traballo 6 puntos

-Creación de servizos inexistentes: 4 puntos

-3.2.- Incidencia medioambiental positiva: **20 puntos**

-Utilización sostíbel dos recursos endóxenos: 8 puntos

-Mellora da biodiversidade,conservación de hábitats ou xestión dos recursos hídricos 6 puntos

-Prevenición de incendios forestais: 4 puntos

-Mellora visual do entorno: 2 puntos

PROXECTOS PRODUTIVOS

Puntuación mínima que haberá de obter un proxecto para ser subvencionado:

30 puntos

Que lle corresponderá un porcentaxe de axuda do 25 %.

A subvención máxima será do 45 %, para o que haberá que acadar una Puntuación de:

70puntos

As porcentaxes de axuda entre 30 e 70 puntos, calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal

O importe máximo de subvención fíxase en **200.000 € por proxecto**

PROXECTOS NON PRODUTIVOS

O límite máximo establecece en función da prioridade e tipoloxía do proxecto do seguinte xeito:

- Proxectos non produtivos de prioridade alta ata un máximo do 75 %,

- Servizos de igualdade e benestar á poboación.
- Servizos de transporte adaptado.
- Implantación de TIC no medio rural

- Proxectos non produtivos de prioridade media, ata un máximo do 70%

- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica
- Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
- Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

-Outros proxectos non produtivos ata un máximo do 50%

- Infraestruturas de lecer
- Instalacións deportivas, hípicas ou cinexética
- Sinalización de recursos turísticos
- Participación en certames, eventos, feiras, edicións de libros, mapas, paxinas web.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados a valorización dos recursos do territorio.

Todos os proxectos terán un máximo de subvención de **200.000 euros** por proxecto.

V.III. MECANISMOS DE LIBRE CONCORRENCIA

O primeiro punto que garante a obxectividade e imparcialidade é o baremo das axudas do punto anterior.

A libre concorrência e publicidade garántese co procedemento de xestión e o Plan de difusión que se recolle nos apartados IV e VI do presente Programa.

Basicamente o proceso é o seguinte:

O proceso de selección de proxectos por parte dos GDR seguirá esta secuencia:

Convocatoria selección de proxectos

Convocatoria aberta até o 01/09/2013

Solicitud de axuda

Presentación no rexistro do GDR

Avaliación

Aplicación do baremo polo equipo técnico do GDR

Control de elixibilidade

AGADER

Selección

Xunta Directiva do GDR

Resolución

AGADER

A convocatoria aberta durante todo o período, até o 1 de setembro de 2013, tenta compaxinar a axilidade na aprobación de axudas coa priorización daqueles proxectos máis interesantes, no caso de que os recursos financeiros non cheguen para todos.

Así, se as peticións de cada ano non esgotan o orzamento desa anualidade, os expedientes resolveranse a medida que van chegando segundo

as decisións do órgano directivo do GDR; no caso de que se esgoten os fondos previstos no cadro financeiro na anualidade correspondente, todas as peticións dese ano que se presenten con posterioridade serán instruídas normalmente pero quedarán por resolver.

Cando comece o ano seguinte todos os expedientes que contén coa validación por parte de AGADER do Informe do Control de Elixibilidade con data 31 de decembro, serán sometidos á selección do órgano de decisión do GDR por concorrencia entre eles, é dicir, aprobándose primeiro os que máis puntuación obteñan no baremo. Se os fondos da nova anualidade chegan para todos os proxectos pendentes poderán seleccionarse todos; se os fondos non chegan para todos os proxectos iranse seleccionando por rigorosa orde de puntuación até esgotar a anualidade.

Os proxectos que non puideran finalmente ser seleccionados, por estar esgotados os fondos, quedarán excluídos, podendo os promotores, se así o desexan, quedar nunha lista de agarda a expensas de que se volva dispoñer de fondos.

PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN:

As necesidades do Grupo en canto a contratación, xa sexa de suministro, asistencia ou persoal, será publicada no Periódico de maior tirada do territorio, nos taboleiros de anuncios dos concellos e na sede do Grupo, alúmenos con 15 días de anticipación.

Na convocatoria fixaranse claramente os criterios de selección.

V.IV.- EQUIPO XESTOR

O Grupo, para garantir o seu bo funcionamento, dotarase, a través da figura do Xerente, dun equipo técnico multidisciplinar, de acordo coas necesidades suscitadas e dotado de adecuados medios materiais, que dependendo da Xunta Directiva asegure a colaboración, obxectividade, imparcialidade, eficacia, transparencia, publicidade e libre concorrência.

Deseñará a estratexia de comunicación do Grupo, invitando á participación e presentación de proxectos, incorporando as novas tecnoloxías da información.

Unha vez realizada a estratexia de comunicación, pasarase ao funcionamento do programa en si, para iso a Xerencia encargarse de :

En primeiro lugar colaborará coa Xunta Directiva na aplicación dos criterios de selección, que se terán en conta ao longo de todo o programa para a puntuación dos proxectos.

En segundo lugar exercerá un Servizo de Asesoramento e consultaría para os futuros promotores das iniciativas, indicándolle en todo momento non só a posibilidade de axudas dentro deste programa, se non que ata, a posibilidade, doutros apoios institucionais e financeiros para as súas actividades.

Unha vez presentados os proxectos (durante todo o prazo de vixencia do programa) a Xerencia encargarse de analizar todas as solicitudes, elaborando o informe correspondente e valorando as diferentes iniciativas en función dos criterios de selección adoptados polo Grupo, informando á Xunta Directiva de que o proxecto cumpre todos os requisitos legais para a concesión de axudas.

Unha vez concedida a axuda (trala aprobación por AGADER), a Xerencia encargárase do seu seguimento, informando á Xunta Directiva sobre a marcha dos mesmos, realizando controis periódicos e verificando “in situ” o grado de execución dos mesmos, ademais de seguir ofrecendo ao promotor todos os servizos de asesoramento personalizado.

Ademais de todo o exposto anteriormente, a Xerencia encargárase de elaborar os informes de xestión solicitados, así como a realización dun “Informe de Xestión Anual”.

V.V.- SEDE

Domicilio social: Praza da Constitución,1 O Campo – 32770 san Xoán de Río,
Ourense

Teléfono: 988.346.002

Fax: 988.346.130

Correo electrónico: fmagide@edu.xunta.es

A sede do Grupo estará perfectamente identificada de acordo coa
Normativa.

V.VI.- PLAN DE DIFUSIÓN

Un programa de desenvolvemento dunha zona rural pode aportar uns óptimos resultados cuantificados en empresas produtivas a curto prazo.

Pero se o devandito programa non logra o desenvolvemento de infraestruturas e o que é máis importante, a “concienciación e animación social” dunha realidade rural, as súas potencialidades, e ao mesmo tempo non introduce unha forza dinamizadora no pensamento cidadán, o devandito programa non alcanzará un futuro máis afastado que o da viable rendibilidade daquelas empresas.

Espertar no cidadán a inquietude polo desenvolvemento das suas potencialidades e o medio no que habita, ou o que é o mesmo, reflexionar sobre o potencial do seu territorio nunha perspectiva a máis longo prazo, é a mellor garantía de futuro para alcanzar o éxito esperado e que dita poboación continúe por si só co proceso de desenvolvemento iniciado.

Conscientes da importancia que ten a publicidade do programa e a detección de promotores na consecución do éxito do desenvolvemento dun programa como é LEADER, O Grupo, deseñou para tal fin unha "ESTRATEGIA DE COMUNICACIÓN" adecuada a comunicación en todos os tempos do programa de desenvolvemento rural: Lanzamento, seguimento e fin.

Obxectivos:

- Pretende estimular a participación dos axentes socioeconómicos (a través das mesas sectoriais) e da poboación local no proceso de desenvolvemento rural e na posta en común das posibilidades e potencialidades do seu territorio.
- Propón potenciar o fomento do espírito colectivo, favorecendo a toma de contactos e intercambios de coñecementos e experiencias entre os axentes socioeconómicos participantes no proceso de desenvolvemento rural,

potenciando así capacidade e transferibilidade de iniciativas e relacións de cooperación.

- Incorporación e utilización dos novos coñecementos das tecnoloxías da información a fin de incrementar a difusión e o alcance da nova iniciativa.
- Incrementar a proxección exterior do programa co fin de obter maiores apoios institucionais e financeiros para o mellor desenvolvemento das actividades.

Contidos e metodoloxía a aplicar:

En canto os contidos, esta Estratexia de Comunicación articularase entorno a catro eixes:

- a) Conseguir a lexitimación do Grupo mediante a difusión dunha información básica e veraz sobre a propia Asociación, aberta á participación, e á da súa estrutura técnica ao servizo do desenvolvemento local.

Esta información estará encargada de:

Transmitir e difundir o concepto da filosofía LEADER no desenvolvemento rural e a posta en escena das súas posibilidades.

Difundir o programa LEADER (estratexias, obxectivos, accións, recursos dispoñibles,...).

Dar unha información básica do Grupo

- b) Convencer o entorno e motivar iniciativas mediante a organización de reunións informativas dirixidas tanto aos axentes socio-económicos (a través das mesas sectoriais constituídas e/ou a realización de convocatorias sectoriais) e ao público en xeral concienciándolo da necesidade de auto desenvolvo e que se familiarice co significado do alcance da iniciativa.

Nestas reunións informarase das convocatorias de proxectos, das accións e/ou proxectos subvencionables, das posibilidades e/ou oportunidades do territorio de actuación e da oferta da prestación continúa da atención

individualizada e persoal e do asesoramento e asistencia técnica dispoñible para cada un dos futuros promotores.

c) Atracción de recursos e articulación local entorno o programa mediante a posta en marcha de accións de difusión externa co fin de obter maiores apoios institucionais mediante a colaboración técnica de entidades de participación local (Comisións Territoriais) e apoios financeiros a través do establecemento de convenios con caixas e outras entidades financeiras.

d) Conseguir credibilidade e apoio mediante a posta en marcha de accións destinadas a obter o respaldo social ao programa por parte das institucións e a poboación en xeral.

A forma de conseguilo será mediante a edición de publicacións periódicas propias, a elaboración e promoción de realización financiadas, a presenza directa en proxectos e acontecementos locais e a utilización de todos os medios de comunicación local e rexional.

Destinatarios:

De ámbito interno:

- Asociados.
- Colaboradores e persoas implicadas.
- Entidades e institucións colaboradoras.

De ámbito externo:

- Poboación da zona en xeral.
- Medios de comunicación locais e rexionais.
- Promotores e posibles emprendedores.
- Colectivos particulares con carácter específico.
- Mozos e mulleres da zona de actuación.

Medios utilizados:

Nesta campaña de comunicación, e en especial para a fase de lanzamento, tanto os soportes como os programas de promoción irán identificados polo propio Programa LEADER, fomentando así novas inquietudes e actuando de vehículo de proxección da filosofía LEADER na zona.

Entre os medios utilizados poden destacarse os seguintes:

A.- Elaboración de materiais de promoción publicitaria:

A.1.- Deseño e creación dunha imaxe corporativa do Grupo:

Deseñarase unha imaxe corporativa que estea presente en todos os medios utilizados incluídos os utilizados en oficina (sobres, folios, invitacións....), transmitindo unha imaxe e identidade do Grupo e do Programa.

Xunto a este logotipo marcarase un eixe de campaña co que se intentará transmitir a idea dunha zona que se constrúe día a día, co esforzo non só das distintas institucións, senón de todos os cidadáns que habitan nela.

A.2.- Publicación de lanzamento:

Edición dun folleto informativo de lanzamento moi manexable, elegante e que chame a atención de calquera lector.

Na súa composición incluíranse textos, fotografías, gráficos, e debuxos ilustrativos que realcen os distintos sectores nos que se faga especial fincapé, cunha tirada aproximada de 6.000 exemplares.

A.3.- Deseño e realización de carteis ou placas identificativas

Realización de placas identificativas do Programa LEADER que sinalicen fisicamente a zona ámbito de actuación.

Para iso instalaranse aproximadamente 10 placas de 3 m. x 1,75 m. en material homologado.

Estas placas permanecerán colocadas durante toda a vixencia do Programa LEADER.

A.4.- Colocación de placas identificativas do Grupo e da Iniciativa LEADER no exterior das dúas oficinas que se pretenden abrir para dar cobertura e publicidade ao Programa

B. Publicacións e anuncios en prensa local e rexional:

B.1 Publicación periódica de anuncios de lanzamento do Programa:

Estes anuncios terán un tamaño adecuado (media páxina de xornal) e publicaranse en venres, sábados e domingos, ou en datas coincidentes con algún acontecemento promocionais (romarías, festas, ...) e irán intercalados cun mínimo de cada 15 días durante esta primeira fase de lanzamento de tres meses de duración.

B.2.- Publicación de noticias referentes ao Programa:

En especial, publicaranse noticias relacionadas con algún proxecto e/ou acción financiada polo Programa.

C. Promoción Pedagóxica:

Trátase de conseguir a sensibilización da poboación local en xeral mediante a realización de sesións informativas, conferencias e charlas-coloquio co fin de animar á participación cidadá.

Estes actos levaranse a cabo a través das diferentes Mesas Sectoriais constituídas dentro do Organigrama da Asociación ou a través das diferentes convocatorias públicas sectoriais que se promovan ao efecto e nas que ademais de transmitir o significado da Iniciativa darase unha información máis profunda e especializada daqueles temas que máis poidan afectar e interesar a cada zona en cuestión, e nas que se espera xurdan novas inquietudes e

iniciativas.

D.- Utilización dos novos coñecementos e tecnoloxías da información:

Trátase da utilización de internet como ferramenta innovadora que incrementa as posibilidades de difusión da comunicación tanto ao interior como ao exterior. Para iso está previsto a creación dun sitio web que conteña a presentación da Asociación así como as liñas estratéxicas, convocatorias, prazos, e demais información do Programa.

VI.- PLAN FINANCEIRO

ANEXO IV

**PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013
PLAN FINANCIERO**

GDR: 11 SIL-NAVEA-BIBEI

Importes en
Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA							GASTO PÚBLICO FÓRA PROGRAMA	GASTO PRIVADO	GASTO TOTAL	%
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL				
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Productivos	586.611,14	1.145.868,14	1.153.900,87	1.779.953,97	1.772.175,42	1.771.490,46	8.210.000,00	4.530.000,00	18.253,00	12.758.253,00	28,9%
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non productivos	155.405,51	303.564,34	305.692,37	471.546,88	469.486,18	469.304,72	2.175.000,00	575.000,00	0,00	2.750.000,00	7,7%
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Productivos	1.124.635,73	2.196.828,81	2.212.228,96	3.412.481,78	3.397.568,95	3.396.255,77	15.740.000,00	0,00	36.404.000,00	52.144.000,00	
	Non productivos	160.407,07	313.334,22	315.530,75	486.723,10	484.596,08	484.408,78	2.245.000,00	0,00	3.193.000,00	5.438.000,00	
	TOTAL	1.285.042,80	2.510.163,03	2.527.759,71	3.899.204,88	3.882.165,03	3.880.664,55	17.985.000,00	0,00	39.597.000,00	57.582.000,00	63,4%
TOTAL ESTRATEXIA	Productivos	1.711.246,87	3.342.696,95	3.366.129,83	5.192.435,75	5.169.744,37	5.167.746,23	23.950.000,00	4.530.000,00	36.422.253,00	64.902.253,00	84,4%
	Non productivos	315.812,58	616.898,56	621.223,12	958.269,98	954.082,26	953.713,50	4.420.000,00	575.000,00	3.193.000,00	8.188.000,00	15,6%
	TOTAL	2.027.059,45	3.959.595,51	3.987.352,95	6.150.705,73	6.123.826,63	6.121.459,73	28.370.000,00	5.105.000,00	39.615.253,00	73.090.253,00	
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción	Funcionamento	324.329,51	633.535,28	637.976,47	984.112,92	979.812,26	979.433,56	4.539.200,00	0,00	0,00	4.539.200,00	
	Promoción	81.082,38	158.383,82	159.494,12	246.028,23	244.953,07	244.858,39	1.134.800,00	0,00	0,00	1.134.800,00	
	TOTAL	405.411,89	791.919,10	797.470,59	1.230.141,15	1.224.765,33	1.224.291,95	5.674.000,00	0,00	0,00	5.674.000,00	
TOTAL PROGRAMA		2.432.471,34	4.751.514,61	4.784.823,54	7.380.846,88	7.348.591,96	7.345.751,67	34.044.000,00	5.105.000,00	39.615.253,00	78.764.253,00	
								FEADER	19.595.726,44			
								AXE	7.291.902,13			
								XUNTA	7.156.371,43			

Porcentaxe para Promoción, sobre o total da estratexia:
(mínimo 4%): **4,0%**

Observacións para elaborar o cadro financeiro:

1.- Só cubrir as celdas de cor verde.

2.- Na columna "TOTAL", do Gasto Público do Programa incluíranse os importes que se solicitan para financiar proxectos dentro da estratexia do GDR. A distribución por anualidades xa se fai automaticamente.

3.- Sobre ese TOTAL do Gasto Público da Estratexia tamén se calcula o tope da medida 431. Ao cubrir a casilla de fóra do cadro coa porcentaxe mínima proposta para Promoción (Adquisición de capacidades e Promoción Territorial), xa se fai no cadro a distribución entre Funcionamento e Promoción.

4.- Na columna "Gasto público fóra programa" incluíranse os importes de natureza pública que cofinancien proxectos, tanto axudas doutro tipo compatibles que consiga o promotor como, no caso de promotores públicos, os importes que eles aporten como fondos propios.

- 5.- Na columna "Gasto privado" incluíranse as aportacións que fagan os promotores, sempre que sexan privados, para financiar o seu investimento, como fondos propios, é dicir, o custo do investimento menos a subvención. Para o seu cálculo débese facer unha estimación das porcentaxes medias de axuda que prevé aprobar o GDR, tanto para proxectos produtivos coma para os non produtivos.
- 6.- Na última columna as porcentaxes calcúlanse automaticamente, por unha banda para determinar a parte dos fondos da estratexia que se destinan a cada unha das medidas 411, 412 e 413, e pola outra que porcentaxe dos fondos se destinan a proxectos produtivos e a non produtivos. Lémbrese que se establece como orientativo o 25%, o 5% e o 70% respectivamente para as medidas 411, 412 e 413 e o tope máximo do 25% para proxectos non produtivos. Poderanse aceptar variacións de até 10 puntos en cada un destes valores sempre que estean suficientemente xustificadas no programa.

VII.- ANEXOS

Delegación de OURENSE
OFICINA DE GESTIÓN TRIBUTARIA
CL. SANTO DOMINGO, 25
32071 OURENSE (OURENSE)
Tel. 988232511
Fax. 988232142

V de Douane: 30938160481



90290-6852 N.º Certificado: 0319096150450

ASO.PARA DESENVOL.RURAL SBL-BIBEI.NAVEA
PLAZA CONSTITUCION 1
3277G SAN XOAN DE RIO
GUENSE

COMUNICACION DE TARJETA CREDITIVA DEL NUMERO DE IDENTIFICACION FISCAL (NIF)

Con esta comunicación se le envía la tarjeta acreditativa de su número de identificación fiscal (NIF) que figura en la parte inferior de este documento.

Este documento tiene plena validez para acreditar su número de identificación fiscal (NIF). Asimismo, si lo resulta más cómodo, puede reportar la tarjeta que figura en la parte inferior y que posea los mismos datos acreditativos que el documento completo.

La validez de las tarjetas acreditativas del NIF puede comprobarse en la página web de la Agencia Tributaria (www.agencia tributaria.es), accediendo a: Oficina Virtual / Otros Trámites / Certificaciones tributarias / Sin certificado de sujeción / Comprobación de la autenticidad de las Tarjetas de Identificación Fiscal con código electrónico. Recuerde que debe incluir su NIF en todos los documentos.

Recordar que debe incluir su NIF en todos los documentos de naturaleza o trascendencia tributaria que expida como consecuencia del desarrollo de su actividad, así como en todas las autoliquidaciones, declaraciones, comunicaciones o escritos que presente ante la Administración tributaria.

OURENSE, 15 de SEPTIEMBRE de 2008
El Delegado de la A.E.A.T.

Luis Emilio Sánchez Seco



MINISTERIO
DE ECONOMÍA
Y HACIENDA



Agencia Tributaria
www.agencia tributaria.es

TARJETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL

Número de identificación Fiscal Definitivo

G32387359

Denominação: ASDC, PARA O DESENVOLVIMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA

1. গাজর, সপলা

! **ආදායම් පිටුපත්!**

Domestic PLAZA CONSTITUCION, NUM. 1

Socia 92773 SAN XOAN DE RIO - (DURENSE)

Denominación **PLAZA CONSTITUCION, NUM. 1**

32770 SAN XOAN DE RIO - (OUFENSE)

Administración de la AEAT 32010 O SARCO

Ficha A.F. Definitivo: 15-09-2008

Código E escrito: _____

EFCF1938A1ED6C05

Na Pobra de Trives o día 1 de Agosto de 2008 na casa do Concello ás 19:00horas, reúnense as persoas elixidas como xunta directiva da Asociación para o desenvolvemento Rural Sil, Bibei, Navea GDR 11 co único punto da orde do día referido a continuación:

- Elección dos órganos unipersonais segundo o artigo 11 dos Estatutos.

Exprésase por diversas persoas a posibilidade de presentar unha candidatura por consenso da xunta directiva, cuxa discrepancia de tres persoas. Despois dun tempo de debate chegase ao acordo de presentar esta candidatura coas seguintes persoas:

Presidente:	Francisco Magide Bizarro
Vicepresidente:	Andrés Montesinos Rodríguez
Tesoureira:	Flora Castro González
Secretario:	Carlos L. Rodríguez Calvente

Na mesma xuntanza acórdase facultar aos órganos unipersonais para dar publicidade e contratar os servizos dunha empresa que redacte o *Programa comarcal de desenvolvemento*.

Igualmente acórdase establecer un prazo de presentación de ideas, propostas e proxectos que nazarán dos debates nas diversas mesas sectoriais ao longo do mes de agosto.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión cando son as 20:30 horas do día 1 de Agosto de 2008.

O Presidente




Asdo.: Francisco Magide Bizarro

O Vicepresidente



Asdo.: Andrés Montesinos Rodríguez

O Secretario



Asdo.: Carlos L. Rodríguez Calvente

Estimado/a amigo/a,

En breve porase en marcha un novo Programa LEADER para o período 2007-2013. Nas bases reguladoras para este novo Programa detállase o procedemento para a presentación e selección de proxectos de desenvolvemento rural.

O programa de cada territorio deséñase e execútase un "Grupo de Desenvolvemento Rural" (GDR), que contará con representación dos sectores públicos e privados implantados en cada zona.

Os territorios que se comprenden en cada GDR están xa definidos pola Xunta de Galicia, sendo o noso o **GDR-11** que agrupa os concellos de Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil, A Teixeira, Chandrexa de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives, San Xoán de Río, Viana do Bolo e Vilarinho de Conso.

Para a formalización do GDR do noso territorio constitúese a **Xestora SIL-BIBEI-NAVEA**. A finalidade desta Xestora é acadar que o Grupo de Desenvolvemento Rural teña o maior nivel de representación posible o que nel se incorporen tódolos sectores. Así, a **Comisión Xestora da Asociación SIL-BIBEI-NAVEA**,

CONVÓCATE

Á Asemblea constituinte do GDR-11, que terá lugar o vindeiro día 30 de xullo de 2008 ás 19.00 horas na Casa da Cultura de A Pobra de Trives (Estrada da Encomenda) cos seguinte Orde do día:

1. Lectura e votación dos estatutos
2. Elección da Xunta Directiva e outros posibles órganos
3. Aprobación do Plan de Traballo para elaboración do programa e demais documentación obrigatoria.

Para que a vosa asociación se integre coma socia de pleno dereito no GDR-11 deberá acreditarse coa presentación dun documento no que conste o acordo de participar como socio e a elección da persoa que vos representará no grupo.

Nesta mesma carta achégase un modelo de representación e unha copia dos estatutos que a Xestora SIL-Bibei-Navea elaborou para a posta en funcionamento do GDR-11.

Xunto o modelo que se achoga éste escrito, a Asociación tamén terá que presentar copia da folia do rexistro como Asociación.

A partir do día de ter recibida esta carta, contas con 15 días naturais para presentar alegacións por escrito ós estatutos propostos e entregar o acordo de representación asinado polo presidente o o secretario da túa asociación, a máis da copia do documento de resolución da inscrición da Asociación no Rexistro de Asociacións, a máis dos documentos que se requiren. Pregámosche que remitas os mesmos o máis axiña posible por correo certificado a

Comisión Xestora SIL Bibei-Navea

Praza da Constitución nº1 O Campo
32770 San Xoán de Río (Ourense)

En San Xoán de Río a 7 de xullo de 2008.


Clemente Pérez Anas
Presidente da Comisión Xestora

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA XESTORA DO GDR 11

Sendo as 18:00h do día 2 de xuño de 2008 reúnense no Salón de Plenos do Concello de Manzaneda ós/as 11 representantes da xestora do G.D.R 11.

Todos eles/as foron convocados/as anteriormente por teléfono e preséntanse os/as que de seguida se relacionan:

1. Nari Regueira - Asociación de Empresarios da comarca de Trives - A Pobra de Trives
2. Pedro Martínez - AVMMC Casteloais - Chandrexa de Queixa
3. Germán Domínguez Fernández - Concello de Viana do Bolo
4. Luis Vázquez - Concello de A Teixeira
5. José Carlos Fernández Arias - Asociación Xvenil A Soria - Chandrexa de Queixa
6. Mª Milagros Calvo Carbado - Asociación de Mulleres Anel, Federación ANARAL- San Xoán de Río
7. María Páez Pérez - Asociación de Veciños O Castro - Viana do Bolo
8. Mª Dolores González Rodríguez - Unións Agrarias
9. Ángel Manuel Rodríguez Magide - Concello de Parada de Sil
10. Eladio Osorio Montenegro - Concello de Castro Caldelas
11. Clemente Pérez Arias - Centro Cultural San Miguel - Manzaneda

ORDE DO DÍA

1º. Lectura e aprobación da acta.

Apróbase por unanimidade a acta da primeira reunión realizada o día 26 de maio de 2008 no lugar de Castro Caldelas.

Acórdase remitir dita acta a AGADER para dar constancia da mesma.

2º. Elección de cargos.

Propóñense e apróbanse os seguintes cargos representantes da xestora:

Presidente: Clemente Pérez Arias

Secretaría: Mª Dolores González Rodríguez

3º. Elaboración dun primeiro borrador de estatutos.

Realízase un primeiro borrador de estatutos da asociación do cal se acompaña copia

Queda pendente a aprobación definitiva do mesmo na vindeira reunión convocada para o día 11 de xuño de 2008 no Concello de San Xoán de Río.

4º. Varios.

Elabórase unha listaxe cos datos dos presentes para facilitar o contacto entre os membros da xestora.

Non habendo máis temas que tratar, levántase a sesión sendo as 21:00 horas do día sinalado no encabezamento.

Asda: Mª Dolores González Rodríguez
Secretaría

Asda: Clemente Pérez Arias
Presidente

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA XESTORA DO CDR 11

Señalo as 9.00h do día 11 de xuño do 2008 reuníronse no Salón de Plenos do Concello de San Xoán de Río 9 dos 11 representantes da xestora do CDR 11.

Tódos e estas foron convocados/as anteriormente por teléfono e presentáronse os/as que co seguinte se relacionan:

1. Nari Regueira - Asociación de Empresarios da zona de Trives - A Volva de Trives
2. Germán Domínguez Fernández - Concello de Viana do Bolo
3. José Carlos Fernández Añás - Asociación Xuvenil A Serra - Chandraza de Quítoa
4. Mª Milagros Calvo Calhelo - Asociación de Mulleres Anx. Federación AMARAL - San Xoán de Río
5. María Píez Pérez - Asociación de Veciños O Castro - Viana do Bolo
6. Mª Dolores González Rodríguez - Unións Agrarias
7. Angel Manuel Rodríguez Mingos - Concello de Parada de Sil
8. Eladio Osorio Montenegro - Concello de Castro Calizel
9. Clemente Pérez Arias - Centro Cultural San Miguel - Marzaneña

ORDE DO DÍA

1ª. Lectura e modificación da acta.

Advertíndosenos antes do inicio a lectura da acta da anterior reunión, cumpre facer as seguintes correccións:

-No 2º punto "elección de cargos" orgábase un segundo parágrafo co seguinte texto: *"Elección da mestría que mediará de comunicación entre a xestora e AGLADUR. Propóse a eficacia por unanimidade a Eladio Osorio Montenegro".*

2ª. Varios.

A Asociación de Empresarios da zona de Trives comunica o seu desexo de abandonar a participación na xestora a partir do presente momento e retirase da reunión.

3ª. Aprobación da acta.

Apróbase a acta da primeira reunión da xestora realizada o día 2 de xuño do 2008 no lugar de Marzaneña cos seguintes resultados:

Votos a favor:	5
Votos en contra:	1
Absencións:	2

Acórdase remitir a acta a AGLADUR para dar constancia da mesma.

4ª. Lectura e modificación do borrador de estatutos.

Prevéndose á lectura e modificación dos seguintes puntos do borrador de estatutos:

-No Artigo 3. onde di: *"Praza da Constitución nº1. O Campo 32760"* Debe dicir: *"Praza da Constitución nº1. O Campo 32770"*

-No Artigo 15 sustitúese a relación de mestas sociais e representantes das mesmas pola que segue:

MESA SECTORIAL	Nº de REPRESENTANTES	Con formato
1. Sector agrario, ganadero o forestal.		
1.1. Organizaciones agrarias, ganaderas o forestales.	4	
1.2. Organizaciones agrarias.	1	
1.3. Asociaciones de agricultores o ganaderos.	1	
1.4. Asociaciones forestales e medioambientales.	1	
2. Asociaciones de mujeres.	2	
3. Asociaciones juveniles.	1	
4. Asociaciones educativas, recreativas, deportivas, culturales o de artesanía y otras.	2	
5. Sector de turismo o hostelería.	1	
6. Sector institucional.	10	
7. Asociaciones de empresarios.	1	

- No Artigo 17.3. onde di "... outros membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o assunto" debe dicir "... outros membros do sector público ou privado, segundo a mesa sectorial á que pertenza o asunto"

5º. Aprobación dos estatutos e propostas de traballo.

Sumétense a votación o borrador de estatutos e apróbanse co seguinte resultado:

Votos a favor: 7

Votos en contra: 1

Abstencións: 0

Acórdase remitir por correo unha copia dos estatutos a cada asociación integrante do CEDR 11, segundo listado actualizado, concedéndolle un prazo de 15 días para posibles alegacións, os mesmos.

Na mesma o xefade insistírase a cada da próxima asamblea constituírse a documentación a presentar con anterioridade que verifique o acordo de participar como socio ou a persoa que representará a esa entidade no grupo.

Non habendo máis temas que tratar, lévántase a sesión sendo as 21:00 horas do día sinalado no encabezamento.

Aado., Mª Dolores González Rodríguez
Secretaria

Aado., Clemente Pérez Arias
Presidencia

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA XESTORA DO GDR 11

Sendo as 18:30h de día 19 de xuño de 2008 reúnense no Salón de Plenos do Concello de Castro Caldelas 10 dos 11 representantes da xestora do G.D.R. 11.

Todas elas/as foron convocados/as anteriormente por teléfono e preséntanse as/as que de seguido se relacionan:

1. Germán Domínguez Fernández – Concello de Viana do Bolo
2. José Carlos Fernandez Arias – Asociación Xovenil A Serra – Chandrea de Queias
3. Mª Milagres Calvo Carballo - Asociación de Mulleres Anel. Federación ANARAL – San Xoán de Río
4. María Páez Pérez – Asociación de Veciños O Castro – Viana do Bolo
5. Mª Dolores González Rodríguez – Unións Agrarias
6. Angel Manuel Rodríguez Magide – Concello de Parada do Sil
7. Eladio Osorio Montenegro – Concello de Castro Caldelas
8. Clemente Pérez Arias – Centro Cultural San Miguel – Manzaneda
9. Luis Vázquez – Concello de A Teixeira
10. Jesús Vizcaya Prieto – Asociación de comerciantes e industriais de Viana do Bolo

ORDE DO DÍA

1º. Incorporación á xestora do novo representante das asociacións de empresarios.

Jesús Vizcaya Prieto – Asociación de Industriais e Comerciantes de Viana do Bolo (ACIVB)

1º. Lectura e aprobación da acta.

Apróbase por unanimidade a acta da segunda reunión realizada o día 14 de xuño de 2008 no Salón de Plenos do Concello de San Xoán de Río.

2º. Lectura e aprobación de estatutos.

Dada a incorporación dun novo socio, súmense de novo a votación o borrador de estatutos elaborado quedando de novo aprobado co seguinte resultado:

- Votos a favor: 9
- Votos en contra: 1 (Jesús Vizcaya Prieto – Asociación de empresarios de Viana do Bolo)
- Abstencións: 0

Asido: Mª Dolores González Rodríguez
Secretaría

Asido: Clemente Pérez Arias
Presidente

ACTA DA 4ª REUNIÓN DA XESTORA DO GDR 11

Sendo as 18:00h do día 2 de xullo de 2008 reúñense no Salón de Plenos do Concello de San Xoán de Río 9 dos 11 representantes da xestora do G.D.R. 11.

Todos eles/as foron convocados/as anteriormente por teléfono e presentáronse es/as que de seguido se relacionan:

1. Germán Domínguez Fernández - Concello de Viana do Bolo
2. José Carlos Fernández Arias - Asociación Xirvenil A Serra - Chantrea de Quenza
3. Mª Milagros Calvo Carballo - Asociación de Mulleres Anel. Federación ANARAL - San Xoán de Río
4. María Páez Pérez - Asociación de Veciños O Castro - Viana do Bolo
5. Mª Dolores González Rodríguez - Unións Agrarias
6. Ángel Manuel Rodríguez Magide - Concello de Parada do Sil
7. Eladio Osorio Montenegro - Concello de Castro Caldelas
8. Clemente Pérez Arias - Centro Cultural San Miguel - Manzaneda
9. Jesús Vizcaya Prieto - Asociación de comerciantes e industriais de Viana do Bolo

ORDE DO DÍA

1º . Reúñese a Xestora para escoitar as propostas do representante dun grupo de asociacións (Carlos Rodríguez - Vilariño de Conso)

As alegacións, en ámbito xeral, que propón son as seguintes:

- Deseñounse a Xestora porque nela non están representados todos os concellos nin todas as forzas políticas maioritarias.
- Os estatutos deberían presentar linguaxe de xénero.
Os estatutos deberían contemplar a aforzancia dos actos do GDR (asambleas xerais, xornadas...)
- Os estatutos deberían contemplar criterios de discriminación positiva cara os concellos máis pequenos e menos poboados á hora de elixir a xunta directiva.

A xestora, tras someter a debate e votación, decide escoitar as propostas do invitado á reunión e animalo a presentalas en tempo e forma no prazo establecido para efectuar alegacións que se ofrecera a todos os membros do GDR-11.

Será entón cando a Xestora se volve a reunir e decida aprobar ou descartar as mesmas.

2º. Presentación dun acordo colectivo das asociacións de empresarios.

As asociacións de empresarios, a través do seu representante e membro da Xestora Jesús Vizcaya, aportan un documento que recolle melloras ós estatutos.

Sometese a votación a decisión de admitir a trámite o documento concluíndo o seguinte resultado:

- Votos a favor: 4
- Votos en contra: 7
- Abstencións: 1

A Xestora decide que realizará o documento na praza establecido para efectuar alegacións ós estatutos para todos os membros do GDR-III.

V.E.A

Asno.: M^a Dolores González Rodríguez
Secretaría

Asdo.: Clemente Pérez Añón
Presidente

PUNTO I.III PERSOAL ADSCRITO.

O Grupo, ten previsto realizar a contratación dos seguintes medios humanos, para levar a cabo a correcta execución dos traballos:

- Un Xerente ou máximo responsábel do grupo, o cal deberá contar como mínimo ca titulación de diplomatura, ou enxeñería técnica.
- Equipo técnico que servirá de apoio a Xerencia e a Xunta Directiva, tanto no asesoramento ós futuros promotores, como unha vez presentados os correspondentes proxectos, na elaboración dos informes técnico-económicos, na valoración das diferentes iniciativas en función dos criterios de selección, seguimento da execución dos proxectos etc...

O número de técnicos que contratará o Grupo, dependerá do volume de iniciativas que se presenten, da súa tipoloxía, e da localización das mesmas e as distancias entre os diferentes Concellos que forman o GDR .

Ademais das funcións sinaladas, o equipo técnico, deberá actuar de autentico animador socioeconómico, encargándose da difusión e información do plan de desenvolvemento, en estreita colaboración cas mesas sectoriais.

Os membros do equipo técnico, deberan contar como mínimo ca titulación de diplomatura ou enxeñería técnica.

Para a correcta realización das tarefas sinaladas anteriormente, considerase necesaria a contratación como mínimo de dous técnicos.

- Equipo administrativo: que se encargará das labores propias do seu cargo, e que deberá contar como mínimo ca titulación de bacharelato ou FP II, e o numero de administrativos a contratar tamén dependerá do volume de traballo co que conte o Grupo, e das posibles oficinas que o Grupo decida abrir no territorio para achegar mais o Programa a poboación.

En principio, e para desenvolver correctamente o traballo do Grupo, considerase necesaria a contratación como mínimo de un administrativo.

A contratación de todo o persoal rexerase polo principio de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria, que se realizará no periódico de maior tirada do territorio, así coma nos taboleiros dos diferentes Concellos, e no do propio Grupo. Na convocatoria, fixaranse claramente para cada un dos postos os criterios de selección e o procedemento selectivo, que previamente virá definido no convenio de colaboración que han de asinar AGADER E O GDR.

As remuneracións correspondentes, serán en principio as mesmas que para o persoal da Administración Autonómica segundo a súa categoría.

En canto ós medios técnicos, o GDR contará cos equipos e programas informáticos necesarios, para que cada un dos traballadores realice correctamente as súas funcións. Así mesmo se deberá contar con un ordenador central a modo de servidor, que permita que os distintos postos traballen en rede.

Contarase ademais cun ordenador portátil, así coma o mobiliario e equipos imprescindibles no traballo de oficina, tales como fotocopiadora, escáner, Fax, canon de vídeo, etc...

XÉNESES DA ASOCIACIÓN

Segundo se reflexa no anexo ID, a o primeiro paso para a formación do GDR, foi a iniciativa do Concello de Castro Caldelas, que mediante carta certificada convocou a todas as asociacións que manifestaran a súa intención de formar parte do Grupo e figuraban na listaxe da paxina de AGADER, a unha asemblea no castelo de Castro Caldelas o Día 26 de Maio.

Nesta asemblea, elixiuse unha xestora, para que se encargase de poñer en marcha a Asociación.

A Primeira reunión que celebra a xestora, foi o día dous de xuño, no concello de Manzaneda, e nela aprobouse a acta da primeira asemblea, e tomase o acordo de remitila a AGADER, elixindo asimesmo os cargos da Xestora, y elaborase o primeiro borrador de estatutos.

Posteriormente a Xestora realiza diversas reunións segundo figura no anexo ID (na documentación aportada inicialmente, figuran as copias das actas)nas que entre outros temas se estudan as alegacións feitas por diferentes asociacións os estatutos que a Xestora lles remitiu previamente.

Rematado o traballo da xestora, esta convoca a asemblea constituinte, para o día 30 de xullo, en A Pobra De Trives, convocando de novo e por carta certificada a todas as asociacións. Nela elíxense os representantes de cada mesa sectorial que formaran parte da Xunta Directiva, e apróbanse os estatutos definitivos, e o plan de traballo para a elaboración do Programa.

O Día un de Agosto, reúnenos novamente os membros da xunta directiva, e elixen os cargos unipersoais da mesma, igualmente deciden dar publicidade para que unha empresa se encargue das labores de preparación do Programa, e acordan un prazo para que cada representante das mesas sectoriais aporten proposta para a realización do mesmo.